



## Acta da Xunta de Escola ordinaria do 30 de setembro de 2013

### Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 30/09/2013.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 30/09/2013.
- III. Escrito dirixido á EEI sobre a creación da Comisión de Seguimento do Grao de Enxeñaría da Enerxía.
- IV. Memoria definitiva do Mestrado en Enxeñaría de Minas.
- V. Memoria definitiva do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.
- VI. Memoria definitiva do Grao de Enxeñaría da Enerxía.
- VII. Reparto da partida de dotación de laboratorios docentes.

Ábrese a sesión ás 12 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrió, e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

### **1. Constitución da Xunta de Escola da E.T.S.E. de Minas para o curso 2013-2014.**

Como todos os anos procédese a constitución da Xunta de Escola do centro para o actual curso académico. Dáse a benvida nela ao novo profesorado con docencia maioritaria na escola.

### **2. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 24 de xullo de 2013.**

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 24 de xullo de 2013.

Unha vez aprobada será posta na nova sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro.

### **3. Informe do Director.**

O director informa sobre:

- ❖ A Dirección reuniuse coa Dirección da EEI o 6 de Setembro para tratar a posible creación da Comisión de Seguimento ETSEM-EEI para o Grao de Enxeñaría da Enerxía. A Dirección da EEI solicitoulle a esta Dirección o envío dunha proposta por escrito que foi entregada en rexistro o 10 de setembro e que se adxunta a este acta (anexo III). A Dirección está a espera de recibir unha resposta.



- ❖ Nomeouse á profesora Dona María Araujo Fernández Responsable de Programas de Intercambio e RRII.
- ❖ A Dirección asistiu á Reunión da AIESMIN (Asociación Iberoamericana de Enseñanza Superior de la Minería) en Medellín-Colombia co fin de ampliar a oferta de convenios de intercambio de profesorado e alumnado coas escolas de Iberoamérica.
- ❖ Actualizouse a páxina principal da web do centro cunha nova cabeceira. Tamén un novo espazo na web do centro onde figuran os datos actualizados do profesorado do centro. A información dese espazo é administrada por cada docente. Prégase manteñan a mesma actualizada, en particular os datos de contacto e os horarios de titoría.
- ❖ A Unidade Técnica procedeu ao traslado das taquillas do alumnado desde o vestíbulo de conexión coa EEI aos corredores das aulas, na planta 1. A Delegación de Alumnos foi a responsable da asignación ao alumnado das mesmas. A Dirección agradece o traballo realizado.
- ❖ A Unidade Técnica procedeu á realización de tratamento antideslizante nun segundo tramo das escaleiras do centro.
- ❖ A Dirección foi informada da renovación de directiva da SMG. A Dirección agradece o traballo realizado pola SMG.
- ❖ En breve procederase á convocatoria de eleccións de representantes de PDI sen vinculación permanente, alumnos e PAS na Xunta de Escola da ETSE de Minas.
- ❖ Finalmente, a semana pasada detectouse no calendario de exames da convocatoria de Decembro a falta da materia “Transporte e Distribución de Enerxía Eléctrica”. A Dirección solicita á Xunta de Escola a delegación na Comisión Permanente da asignación de día e hora para ese exame. Apróbbase por asentimento.

#### **4. Aprobación, se procede, da memoria definitiva do Mestrado en Enxeñaría de Minas pola Universidade de Vigo.**

Enviouse por correo electrónico con anterioridade a esta Xunta de Escola a documentación remitida pola Comisión Delegada da Xunta de Escola para a elaboración da proposta de Mestrado vinculado á profesión regulada de Enxeñaría de Minas.

Toma a palabra a coordinadora da mesma Profesora Elena Alonso Prieto para indicar as modificacións realizadas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a memoria definitiva do Mestrado en Enxeñaría de Minas.

Achégase como anexo IV a esta acta a Memoria definitiva aprobada.



## **5. Aprobación, se procede, da modificación definitiva da memoria do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos pola Universidade de Vigo.**

Enviouse por correo electrónico con anterioridade a esta Xunta de Escola a documentación relacionada.

Indícanse as modificacións realizadas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a memoria definitiva do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

Achégase como anexo V a esta acta a Memoria definitiva aprobada.

## **6. Aprobación, se procede, da modificación definitiva da memoria do Grao en Enxeñaría da Enerxía pola Universidade de Vigo.**

Enviouse por correo electrónico con anterioridade a esta Xunta de Escola a documentación relacionada.

Indícanse as modificacións realizadas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a memoria definitiva do Grao de Enxeñaría da Enerxía.

Achégase como anexo VI a esta acta a Memoria definitiva aprobada.

## **7. Aprobación, se procede, da proposta de reparto da partida de dotación de laboratorios.**

Como xa se comentou na Xunta de Escola anterior recibíuse no centro a comunicación da asignación do equipamento de laboratorios docentes para o ano 2013.

Esa asignación pode ser empregada para adquisición de material docente inventariable e programas para os laboratorios de informática.

O importe total da dotación é de 24258,78€ Nesa cantidade entendemos que o 20% ven directamente ao centro como axuda uniforme común aos centros da Universidade de Vigo e o 80% polo número específico de alumnado dos títulos adscritos á escola ponderados por un coeficiente que depende do contido práctico experimental dos estudos (de 1 a 12).

Recibíronse peticións xustificadas das áreas por un importe de 91674,6€ e a Dirección fixo unha proposta de gasto baseada nos criterios de reparto da Universidade de Vigo, que foi enviada previamente á Xunta de Escola.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o reparto desta partida para a dotación de laboratorios.

Achégase como anexo VII a esta acta o reparto aprobado.



**8. Aprobación, se procede, da normativa da E.T.S.E. de Minas sobre o recoñecemento de prácticas en empresas para os alumnos dos Graos impartidos nesta Escola.**

Aínda que a mencionada normativa está redactada, a mesma será aprobada na próxima Xunta de Escola logo do prazo de presentación e difusión entre a comunidade do centro.

**9. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas.**

Ao non terse presentado documentación para a súa aprobación, se pasa ao seguinte punto da orde do día.

**10. Rogos e preguntas.**

A alumna Gema Gómez Pérez solicita a instalación de enchufes adicionais nos postos da Biblioteca. Enviarase unha solicitude á Administradora do Centro coa recomendación de ampliar a instalación.

O alumno Alexandre Casal Echevarría faise eco de varias queixas do alumnado recibidas na Delegación de Alumnos sobre o funcionamento da Secretaría durante o período de matrícula. No Negociado da ETSEM recibíuse por escrito algunha queixa que será tratada pola Dirección.

O alumno Marcos González Bello pregunta por o acolchado das bancadas das aulas. A Dirección informa da intención da Unidade Técnica de facer unha proba nunha das aulas antes de propor unha solución global.

A profesora M<sup>a</sup> Teresa Rivas Brea roga que se activen nos PCs das aulas o paquete Office. A Dirección informará aos bolsellos informáticos.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a trinta de setembro de dous mil trece.

Vº e Prace

O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrío

Natalia Caparrini Marín



## ANEXO I

### Convocatoria de Xunta de Escola do 30/09/2013



## ANEXO II

**Asistentes á Xunta de Escola do 30/09/2013**



## Asistentes Xunta de Escola ordinaria 30/09/2013

PROFESORES	
1.	Presidente: José Benito Vázquez Dorrió
2.	Secretaria: Natalia Caparrini Marín
3.	Alejano Monge, Leandro
4.	Alonso Prieto, Elena
5.	Álvarez Vázquez, Lino José
6.	Araújo Fernández, María
7.	Arias Sánchez, Pedro
8.	Cabeza Simó, Marta
9.	Carrillo González, Camilo José
10.	Eguía Oller, Pablo
11.	García Bastante, Fernando
12.	González Rodríguez, Elena
13.	Mandado Vázquez, Alfonso M.
14.	Pena Uris, Gloria
15.	Pérez Pérez, Carmen
16.	Rivas Brea, Teresa
17.	Saavedra González, Ángeles
18.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Carrillo Pérez, Rosalía
2.	Casal Echevarría, Alexandre
3.	Castro Filgueira, Uxía
4.	Faro Malvar, Diego
5.	García Iglesias, Jaime
6.	Gómez Pérez, Gema
7.	González Bello, marcos
8.	Juncal Rosales, Mariola
9.	Oliveira Aboy, Diego Antonio
10.	Sanmartín Rey, Susana
P.A.S.	
1.	Romo Pérez, Mª del Carmen

<b>Total membros Xunta de Escola :</b>	<b>50</b>
<b>Asistentes</b>	<b>29</b>

Excusan a súa asistencia:

- José María Lanaja del Busto



### **ANEXO III**

**Escrito dirixido á EEI sobre a creación da Comisión de Seguimento do  
Grao de Enxeñaría da Enerxía.**





## **ANEXO IV**

### **Memoria definitiva do Mestrado en Enxeñaría de Minas.**



## ANEXO V

### **Memoria do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.**



## ANEXO VI

### Memoria do Grao de Enxeñaría da Enerxía.



## ANEXO VII

### Reparto da partida de dotación de laboratorios docentes.